

“MUYTO HE BOA GROSA”: O RENACEMENTO BOLOÑÉS, A ELABORACIÓN DAS LINGUAS ROMÁNICAS E A EMERXENCIA DO GALEGO ESCRITO

Johannes Kabatek

Universität Tübingen (Alemaña)

1. OS ROMANCES PENINSULARES ESCRITOS MEDIEVAIS: DÚAS CORRENTES

A cuestión da emerxencia das linguas románicas escritas na Idade Media ten suscitado numerosas polémicas e discusións nas que, xeralmente, se anda buscando o factor determinante que acabou coa antiga diglosia entre o latín escrito e as linguas romances faladas. Desde os anos oitenta, unha das hipóteses máis discutidas neste sentido é a de Roger Wright coa súa idea de atribución do “nacemento”¹ das linguas románicas á *creación* do latín medieval coa súa pronuncia inventada na época de Carlomagno e a expansión posterior desa nova pronuncia, temporalmente non homoxénea nas diferentes rexións da Romanía. Aínda que a explicación de Wright parece moi convincente no que se refire a un primeiro impulso e a aparición dos primeiros textos escritos en romance, é difícil explicar *toda* a emerxencia das linguas románicas, sobre todo a súa elaboración a partir do século XII e no século XIII, xurdindo dunha corrente cultural do século noveno. Xa Menéndez Pidal distinguira, para explicar os distintos fenómenos, dúas correntes diferentes que explicarían mellor o lapso de tempo tan longo entre os Xuramentos de Estrasburgo e a elaboración das linguas románicas a partir de finais do XII:

una que venía de los siglos antiguos y se extinguía en el curso de los primeros tercios del XI; otra que empezaba en el último tercio del XII y triunfaba con la adopción del lenguaje vulgar en el XIII. ¿Qué había ocurrido a fines del XI para detener la primera de estas dos corrientes? Pues la reforma cluniacense que restauró la latinidad y se alzó como barrera aisladora entre las dos direcciones reseñadas. Y ¿qué ocurrió a fines del siglo XII para iniciar la segunda corriente? Pues un movimiento general a toda la Romanía que llevaba a secularizar la cultura, y por tanto a entronizar el romance como lengua oficial ordinaria, dejando el latín solamente como supletorio para los actos más solemnes. (Menéndez Pidal 1926, VIII).

1.1. A primeira corrente: a reforma cluniacense e o principio de universalismo e particularismo

A primeira destas dúas correntes correspondería entón á descrita por Roger Wright e afecta á “creación” do romance como lingua diferenciada do latín. Esta corrente tamén chega ó Norte e ó Occidente da Península Ibérica, e antes da súa chegada non habería conciencia de diferenciación de dúas linguas senón unha especie de diglosia con dúas formas de lingua, a falada (os romances locais) e a escrita (o latín escrito local). En cada lugar falaríase a lingua do lugar, coa súa forma escrita correspondente que sería un latín con máis ou menos influencia do romance, unha lingua escrita considerada coma o código escrito da mesma lingua e pronunciada en cada lugar segundo o vernáculo local:

La conclusión es simple. En la España del Norte no catalana, hasta el siglo XI, existía en cada localidad su propia lengua vernácula. Esto fue todo. (Wright 1989, 309)

A introducción do latín medieval coa súa pronuncia unificada, consecuencia do estudo das letras e do ensino de lectura dos textos segundo os costumes introducidos desde o outro lado dos Pireneos repercute sobre o noroeste peninsular contra finais do século XI. Compostela, unha das

¹ Wright (1989). Wright mesmo oponse á metáfora do “nacemento” dunha lingua.

ciudades máis inmediatamente conectadas coas tendencias europeas, recibe a nova corrente cultural xa na época de Xelmírez:

A pocos años del Concilio de Burgos de 1080 se introdujo el estudio de las *litterae* en Santiago. El mismo Diego Gelmírez, nacido alrededor de 1069, “bonus adolescens fuit, eruditus literis in Ecclesia B. Jacobi, & adultus in curia hujus Episcopi.” (Wright 1989, 330)

Wright destaca o papel importante de Santiago coma centro cultural e de contactos e sospeita que Galicia pode haber sido protagonista na creación dunha lingua escrita diferenciada da latina despois da reforma de lectura:

No sería en absoluto sorprendente descubrir que Galicia fue en efecto la primera parte de la Península Ibérica que trató de reproducir deliberadamente su lengua vernácula con una nueva técnica ortográfica. Santiago fue un centro en el que se escuchaban muchas lenguas, y no cabe duda de que había allí personas que sabían escribir el occitano o el francés y podían haber dedicado su talento a la tarea de escribir en gallego. (Wright 1989, 337).

As hipóteses de Wright convencen en varios aspectos, entre outros, pola confirmación da vella idea de que a creación das linguas románicas escritas é un efecto indirecto da reforma do latín. É dicir que o momento de separación da pronunciación do latín da pronunciación vernácula é cando comeza a darse a necesidade de escribir a lingua local con outros medios, momento no que empezan a aparecer textos de escrita claramente identificable como vernácula. No inicio, como no caso das glosas emilianenses ou nos xuramentos de Estrasburgo, as funcións principais deses textos son ou ben ensinar o novo latín, ou parafrasealo, ou ben ofrecer unha especie de protocolo ou testemuño máis ou menos fiel do que se dixo oralmente². É dicir que o maior universalismo do latín, a re-creación dunha lingua europea unificada é o que leva á reacción particularista nas diferentes rexións da Romanía.

Polo demais, convence a idea expresada por Wright de que a creación do romance escrito nada ten que ver coa ignorancia dos que escriben. Resulta evidente que se poetas coma Berceo no século XIII confesan que escriben en romance porque non saben latín, isto é unha pura *captatio benevolentiae*, unha fórmula retórica que non se pode tomar ó pé da letra. Sabemos que Berceo estaba entre os máis cultos da súa época, que manexaba perfectamente os manuscritos latinos que lle serviron de fonte para o seu *roman paladino*, e sabemos incluso con bastante certeza que foi Magister e que estudiara dereito no *Studium* de Palencia. O caso de Berceo é só un exemplo, pero é emblemático xa que en xeral parece que a creación da escrita vernácula é obra ‘desde arriba’ e non ‘desde abaixo’, fenómeno observable tamén noutros casos de emancipación dunha lingua vernácula que adoita ser protagonizada, non polos que non coñecen a lingua anteriormente usada, senón polos que precisamente partindo dos seus coñecementos da lingua establecida son capaces da creación de algo novo³.

Pero aínda que xa se creara unha conciencia lingüística diferenciada como consecuencia das reformas introducidas polo Concilio de Burgos, parece que faltan factores para explicar dous feitos que van máis alá da simple aparición do romance escrito: primeiro, o romance podería seguir restrinxido a unha existencia moi esporádica, como medio para achegar os lectores ó latín, e non tería porqué substituír o latín en ningún contexto; segundo, a elaboración e a expansión dos romances peninsulares como fenómeno de grande envergadura non se produce ata polo menos un século máis tarde. Haberá que buscar, pois, outros factores para explicar a aparición de textos en romance a finais do século XII e a enorme produción escrita a partir do século XIII, demasiado distante do Concilio de Burgos como para poder explicarse como consecuencia de este. Aínda así, non nos parece necesario contradicir os factores aducidos para a aparición do vernáculo escrito xa que o que queremos engadir non é incompatible con eles.

² Cfr. o coñecido traballo de Wunderli (1965).

³ Este principio é válido tamén para a creación da escrita galega no século XIX.

1.2. A segunda corrente: o “Renacemento do século XII”

Parécenos, sen embargo, fundamental sinalar algúns dos trazos correspondentes a unha segunda corrente, precisando o xa mencionado na pasaxe de Menéndez Pidal arriba citada. Entre a fase dunha primeira emerxencia do romance como lingua diferenciada e a súa elaboración e expansión sitúase un movemento cultural europeo que cambia profundamente o mundo medieval, o movemento que Charles H. Haskins denominara xa hai tempo *The Renaissance of the Twelfth Century*. Este renacemento do século XII caracterízase por toda unha serie de factores. Non é monocausal como a explicación dada para a emerxencia do romance senón que aparece como combinación de polo menos seis factores diferentes: 1) a creación de novos centros intelectuais; 2) a nova latinidade (é dicir, o factor devandito para a primeira fase); 3) a crecente importancia da historiografía; 4) a crecente actividade traductora; 5) un certo renacer de ideas clásicas no mundo xurídico, científico e filosófico e 6) o comezo de creación das universidades occidentais. O renacemento do século XII non se dá de forma sincrónica nas diferentes rexións xeográficas europeas, pero afecta toda Europa occidental, o cal é explicable só se aceptamos unha serie de influxos compartidos que, aínda con lixeiras diverxencias temporais, afectarán tanto a Italia e Francia coma a Península Ibérica. Como veremos máis adiante, cremos que un dos factores máis claramente europeos con impacto sobre diferentes rexións é a evolución do Dereito a partir da segunda metade do século XII, con consecuencias ó longo de todo o século XIII. Sen priorizar este factor por enriba dos demais, cabe destacar que está, ademais, relacionado cos outros cinco e que algúns deles derivan directamente del. O que aínda queda por explicar, se partimos do presuposto de que o Renacemento do século XII está marcado, a diferenza de posteriores renacementos, pola súa latinidade, é a relación deste renacemento e da evolución do Dereito coa evolución das linguas romances, no noso caso dos romances peninsulares, en particular do galego. De novo teremos que argumentar coa vinculación entre universalismo e particularismo para poder explicar a relación entre un movemento que parece ter máis ben carácter diverxente – a creación dos romances escritos elaborados medievais – con outro, de carácter converxente, o renacemento do Dereito Romano que desde a universidade italiana de Boloña afecta a toda Europa.

2. MUNDOS XURÍDICOS MEDIEVAIS

Ás veces atopamos na lingüística histórica, sobre todo en traballos baseados en grandes corpus⁴, diferenciacións entre distintos tipos textuais, con etiquetas como “literatura”, “prosa”, “poesía”, “textos científicos” e “textos xurídicos”. Sen entrar na discusión das outras etiquetas⁵, parécenos que falar dos “textos xurídicos” coma se de algo homoxeneo e distintivo se tratase é empiricamente infundado xa que os textos xurídicos, aínda que teñan unha función social que os identifique como tales, prescindén de características lingüísticas unitarias que permitan unha clasificación dese tipo. Con todo, parécenos posible, dentro do ámbito discursivo de textos que se ocupan da ordenación normativa da sociedade, identificar, na Idade Media peninsular, diferentes tipos textuais caracterizables mediante unha serie de elementos comúns. Conscientes de que se trata dunha selección e que aínda haberá outros textos, fundamentamos as observacións en

⁴ Tamén hai traballos que non distinguen en absoluto entre diferentes tipos de texto, xa que parten do presuposto de que a partir dunha certa cantidade de textos no corpus se pode prescindir desa distinción, postura criticada, entre outros, por Biber (1993). Para unha visión de conxunto recente de diferentes traballos de lingüística histórica de corpus véxase Pusch/Kabatek/Raible 2005.

⁵ Parece que teñen pouco valor lingüístico denominacións como “literatura” ou “poesía” xa que detrás delas se poden atopar practicamente tódolos tipos de variación textual escrita.

diferentes traballos dos últimos anos⁶ na distinción de tres tipos textuais fundamentais, a saber, as *fazañas* ou descrições de casos xurídicos con carácter normativo (modelos para outros casos) nun dereito baseado na experiencia concreta e na *consuetudo*, os *foros* ou normas xurídicas na tradición do dereito visigótico, ampliado ó longo da Reconquista con normas particulares adaptadas ás necesidades de cada rexión e ás esixencias dos poderes locais, e, por último, as normas correspondentes a un novo sistema xurídico que chegan á Península Ibérica a partir de finais do século XII e que son consecuencia da recepción do Dereito romano na súa forma medieval, introducido desde Italia e con difusión por toda Europa dada a súa vinculación coa Igrexa.

As tres tradicións discursivas⁷ preséntanse de forma bastante diferenciada na Idade Media, e aínda que haxa formas de mistura entre elas, podemos identificar exemplos prototípicos. Corresponden as tres a mundos xurídicos diferentes e claramente identificables incluso desde a perspectiva actual.

A nosa argumentación principal, defendida nunha serie de traballos nos últimos anos, é a de que os textos que corresponden á terceira tradición discursiva son expresión dunha corrente cultural que remexe a paisaxe textual e lingüística medieval de tal forma que se vai creando nun novo mundo de saber con novos centros, provocando a separación de distintos ámbitos de coñecemento e fomentando a creación dunha prosa románica elaborada, grande innovación de finais do século XII ou do século XIII, segundo as rexións.

3. O DEREITO ROMANO: BOLOÑA

¿Cal é esa corrente nova e de onde parte? A Idade Media caracterízase, no aspecto xurídico, por unha continuidade do Dereito romano que sobrevive en distinto grao segundo as rexións e segundo os centros que manteñen a súa difusión. Con todo, na maior parte de Europa, o que se mantén non é o dereito romano “clásico” na súa máxima elaboración lograda en Constantinopla baixo o emperador Xustiniano. É, en cambio, o chamado dereito “vulgarizado”, en España: o dereito visigótico do *Forum Iudicum* ou *Liber Iudiciorum*, o que tamén é coñecido polas traducións romances a partir do século XIII como *Fuero Juzgo* ou, no caso da versión asturiana, como *Fuero Xulgu*. Os Visigodos, lingüisticamente case romanizados en totalidade nos tempos da súa conquista da Península Ibérica, tiñan tamén un dereito fundamentalmente romano, con algúns elementos xermánicos. A carón deste dereito existen antigos costumes ou *fazañas*, en parte posiblemente prerromanas, que se misturan co dereito consuetudinario visigodo. Todo isto parece ser suficiente para a organización xurídica do mundo da Reconquista, pero no século XII ten lugar a difusión por toda Europa dun novo tipo de dereito, baseado no sistema xurídico xustiniano e no que máis tarde se chamaría o *Corpus Iuris Civilis*, a máxima e máis elaborada codificación coñecida, e que se compón do *Codex Iuris Civilis*, diferentes textos engadidos como as *Novellae*, textos didácticos coma as *Institutiones* e os *Digestos* ou *Pandectae*, a máis completa e complexa expresión do tratamento científico do dereito dos romanos.

Hai unha longa discusión sobre se ese Dereito romano ten ou non continuidade desde os tempos romanos e se os *Digestos* se coñecían ou non antes da fundación da chamada Escola de Boloña, pero o certo é que, aínda que se coñeceran, houbo que esperar ata a creación dese centro de estudo xurídico en Italia para que volviera haber unha auténtica preocupación polos textos clásicos e polo tratamento científico dos textos xurídicos. Ademais, na escola dos Glosadores de

⁶ Sobre todo en Kabatek 2005a; cfr. tamén Kabatek 2001, 2004a, 2004b, 2005b.

⁷ Véxase, para este concepto, Kabatek 2005b.

Boloña combínase a materia xurídica antiga cos principios medievais escolásticos do tratamento dialéctico dos textos e o seu ensino segundo unha orde de presentación que segue os principios da retórica. A Escola de Boloña é coñecida en primeiro lugar polo seu labor en Dereito civil, pero Boloña tamén é o centro do estudo do Dereito canónico, de contido diferente, pero de tratamento textual semellante exercido a miúdo polas mesmas persoas, coñecedoras de ámbolos dous dereitos. Sen o nexa co dereito canónico e a grande codificación do Decreto de Graciano de mediados do século XII, é cuestionable que o Dereito romano tivese a difusión rápida que tivo a partir da segunda metade dese século en Europa. Pódese observar, nesa época, unha crecente importancia de Boloña como lugar de estudo de cregos de alto rango, tendo como efecto posterior que moitos dos obispos de finais do XII e do XIII teñan como lazo común o estudo en Boloña, lugar de grande coherencia europea e de creación dunha nova casta de “sabios”, de coñecedores dos textos antigos, de persoas que comparten un saber común, unha metodoloxía de tratamento de materias e regras de presentación dos textos correspondentes. O Dereito canónico e o canal que abre a difusión desa innovación, unida á do Dereito civil é apoiada polo poder central de Roma.


Agora ben, todo isto non ten, nun inicio, repercusións sobre as linguas romances: trátase dun fenómeno de recepción de textos latinos a través de Europa, textos clásicos do dereito xustiniano dos que temos constancia nas bibliotecas das catedrais desde finais do século XII. E ademais de copias deses textos do Corpus Iuris, van aparecendo resumos do seu contido, escritos igualmente en latín pero cunha redución de complexidade e de tamaño con respecto ós seus modelos. Estas sumas latinas, coma a *Summa trecensis*, a *Summa rogerii*, o *Liber turingensis*, teñen a súa orixe en parte no sur de Francia, e en parte tamén na Península Ibérica, como as *Summulae* latinas de Hugolino de Sesso, procedentes de Palencia a finais do século XII e testemuñas da presenza do dereito canónico boloñés en Palencia, antes da fundación da primeira universidade⁸.

Todo isto aínda permanece sen consecuencias sobre as linguas románicas ata que aparece, no sur de Francia e aínda na segunda metade do século XII, unha suma de Dereito Romano baseada sobre todo na *Summa trecensis* pero enteiramente escrita en occitano: a suma chamada *Lo codi*. Sábese que *Lo codi* é unha redacción orixinal, non unha tradución do latín (senón todo o contrario, xa que existe unha tradución do texto romance ó latín). Un libro sorprendente polo seu alto grao de elaboración e a súa extensión en nove libros, impresionante hito nunha lingua na que as tradicións discursivas correspondentes non existen, aínda que haxa unha ben establecida tradición de redactar documentos xurídicos en romance occitano xa un século antes que na Península Ibérica⁹.

Lo codi ten unha grande difusión europea mediante traducións, enteiras ou parciais, ou mediante a inserción de elementos procedentes desta suma noutros textos. O seguinte esquema mostra algúns dos lugares onde aparecen manuscritos, traducións ou fragmentos de *Lo codi* ou textos dos que é modelo:

⁸ Cfr. Iglesia Ferreirós 1998.

⁹ Cfr. www.kabatek.de/codi



En canto ás características fundamentais do texto, Lo codi preséntase como amalgama entre a tradición das Cartas xurídicas provenzais e as sumas latinas de Dereito romano. Se comparamos os seguintes dous fragmentos, vemos o parentesco de certas pasaxes de Lo codi con documentos xurídicos como xa se coñecen en Provenza en romance desde algún tempo antes:

(5) «Conoguda causa sia als presens e als devenidors qu'en Guillems de Brugueiras a donat per amor de Deu e de redemcio de sos pecaz, de si e de sos parens, e per l'arma de som para e de sa mara e de rensog de lors pecaz, la tota sa part del deimo de la glisa de Diupantala a Diu e a santa Maria e al bonurad santi Joannis e l'ospital de Jherusalem e a n'Escafre que es seiner e commandor de la mason de Fronton que receup lo do per si e per l'ospital de Frontom e pels autres fraires de l'ospital, pels presens e pels endivenidors senes retenguda que ang Gill. de Brugueira no i fe de re e la tota sa part del deime, e doned tata aqo que avia a far al bosc Brugareng e doned la terra de Glisiolas» (*Don par Guilhem de Bruguières à l'hôpital Saint-Jean de Jérusalem*, Brunel, Nr. 65, Toulousain 1151).

«[...] mas cum zo es causa que las causas del mun, si cum sunt terras e uignas e maisos ed outras causas mundanas, sunt obs a gleisas e ad hospitals e ad altres locs honorables, bes es que nos digam de las causas de las gleisas e de ls autres locs uenerables» (Codi A I. 2. 1).

Con respecto ós seus modelos latinos, Lo codi modifica a maneira de presentación dos feitos, introducindo elementos que parecen derivar da práctica do traballo co texto e do ensino; en moitos aspectos, a sintaxe latina é simplificada; os termos xurídicos son parafraseados con palabras cotiás, como no seguinte exemplo de comparación dunha pasaxe que deriva da *Suma trecensis*, modificándoa:

Summa Trecensis (III, VI;
ed. Fitting 1894)

De iurisdictione et ubi iudicia
peragenda sunt.
Apud eum qui iurisdictioni preest
iudicia expedienda sunt

Possessionis causa ibi agitanda
est, ubi possessio turbata est.
Relicta ibi petenda sunt, ubi
hereditas relicta est, uel ubi
maior pars hereditatis, uel ubi est
res ipsa que relicta est.

Lo codi (III, XII; ed. Derrer 1974)

aici ditz en cal log deu om metre altre em plaig

pois que nos auem dit de ls iutgues ed en cal mesura
deuunt li iutgues donar iudicias, ara digam davant cals
personas deuunt esser faig li plaig. Li plaig deuunt
esser faig dauant aquelas personas que ant
iurisdiction, zo es poestat

si es plaiz de possessios, dauant aquill iutgue deu esser
fait lo plaitz en cui poder es la tenedons.

si eu li deman auer o outra causa que eu diga que
alcons om me donet a sa mort, aqui deu esser lo plaiz
tenduz un es la heretaz de l defunc o la maier parz de
la heretat, o aqui on es la causa qui es demandada.

Na Península Ibérica, o texto está presente en diferentes formas: a suma catalana dos *Costums de Tortosa* contén elementos de *Lo codi*, e existe unha traducción ó castelán do texto enteiro, conservada en dous manuscritos na Biblioteca Nacional de Madrid¹⁰. A diferenza do mediodía francés, a existencia de textos romances de Dereito romano é posterior na Península Ibérica, datando os primeiros da época de Fernando III ou xa de Alfonso X. Non sabemos en qué medida *Lo codi* serviu de modelo para a creación das sumas do mestre Xacobo el de las Leyes, precursor no romanceamento do Dereito romano en castela, coma as *Flores del derecho*, o *Dotrinal* ou a *Suma de los nueve tiempos de los pleitos*. Pero podemos supoñer que tivo unha certa presenza, como veremos máis abaixo no caso do *Fuero real* alfonsí.

Resumindo, podemos afirmar que a recepción do Dereito romano é, na súa primeira fase, un fenómeno de certos círculos da igrexa desenvolvido en latín, pero que pronto, comezando no sur de Francia, aparecen os primeiros textos en romance que son testemuños desa recepción, textos que na Península Ibérica preparan a grande codificación alfonsí xa que son os primeiros en crear modelos textuais, tradicións discursivas novas dun dereito elaborado presentado en romance. Estes textos non corresponden á necesidade dos que os escriben, non son produtos da ignorancia ou do descoñecemento do latín, ó contrario: son textos escritos polo sector máis culto da sociedade coa finalidade de difusión do dereito novo tamén entre persoas que non comparten o saber dos estudos de Boloña: notarios, nobres locais, persoas que necesitan coñecer ese dereito sen seren expertos no seu tratamento científico.

Desde Boloña introdúcese, pois, unha nova corrente de saber que leva a unha separación entre dereito científico e dereito aplicado, e esta nova separación de niveis busca o seu reflexo nas linguas respectivas: o latín de Boloña fronte ás linguas romances de cada lugar.

4. GALICIA E PORTUGAL ANTE A CHEGADA DO DEREITO ROMANO: A PRIMEIRA FASE

Se agora nos preguntamos pola relación destas correntes con Galicia e con Portugal, podemos distinguir dúas fases diferenciadas: unha primeira, na que en Galicia está presente o Dereito romano chegado desde Boloña mediante textos latinos. Parece que nesta primeira fase Galicia e Portugal son lugares de recepción temprana, de contacto relativamente estreito e inmediato con Italia. Temos algúns testemuños da presenza de textos xustinianos en Portugal a finais do século XII, como o seguinte anaco dun testamento:

«Mando Portucalensi ecclesiae decreta mea et institutiones et autenticam et novellam sicut sunt in uno volumine et summam decretorum et institutionum et codicis siti in alio volumine [...]; Mando Bracharensi ecclesiae codicem meum et digestum vetus et novum in tres partes cum isforciato et psalterium glossatum» (*apud* Caetano 1985, 339s.)

No chamado Liber de Tubinga, unha suma de importante difusión probablemente procedente do sur de Francia, atopamos a seguinte alusión a Santiago, aínda que non moi amable cos canónigos de Compostela:

Confundat deus omnes Compostellanos canonicos insimul et unumquemque per se bencicat. (Ms. Mc 14 Biblioteca de Tubinga, 102v, circa 1200)

Parece que Santiago foi un dos centros importantes de recepción do novo dereito, como tamén sospeita Roger Wright na pasaxe citada. E é probable que dada a importancia de Compostela como lugar de peregrinación e polos contactos mantidos tanto co sur de Francia coma con Italia, a presenza do dereito romano fose máis ben culta e ligada particularmente ós textos clásicos romanos, como tamén é o caso de Italia, polo que a segunda fase da recepción, a da creación de

¹⁰ Cfr. *Lo codi en castellano...* e www.kabatek.de/codi

textos elaborados en romance, é máis tardía e non leva a creacións inmediatas locais senón á introducción de textos romances de fóra: é dicir que, como en Italia, a tardanza na elaboración dos romances escritos sería maior pola mellor compatibilidade dos textos latinos da recepción romana cos coñecementos da intelectualidade local.

5. A SEGUNDA FASE: CASTELA, O DEREITO ROMANO, PORTUGAL E GALICIA

Haberá que agardar máis de medio século para que aparezan, en Galicia e Portugal, textos desa segunda fase de recepción, textos de Dereito romano escritos en romance e con carácter de resumos dos textos clásicos. Teñen particular importancia para a preparación do terreo da recepción en Portugal as traducións dos textos do Mestre Xacobo, el mesmo probablemente de procedencia italiana, e como instructor de Alfonso o Sabio, de crucial significado para a codificación alfonsí. Como afirma Nuno Espinosa Gomes da Silva,

Essas obras serão veículos de introdução do romanismo no nosso país. Em primeiro lugar, acham-se escritas em idioma que facilita a sua directa consulta ou tradução; em segundo lugar, são resumos ou sínteses de soluções justinianeias; em terceiro lugar, têm essas obras, relativamente, em atenção, o ambiente hispânico. (Silva 1991, 205).

A segunda fase, a da elaboración en romance, é preparada na Provenza e chega despois a Cataluña, a Aragón e a Castela producindo textos orixinais de Dereito romano nos diferentes vernáculos. O maior impacto desa tendencia dase no centro, onde a codificación alfonsí combina os textos de recepción da materia xurídica romana con elementos locais e constrúe un edificio xurídico que reemplaza a tradición de Xustiniano pola alfonsí, con numerosas alusións a Xustiniano na propia concepción do rei sabio. A importancia política de Castela fai que os textos alfonsíes aparezan en forma de traducións noutras rexións da Península Ibérica, coma o Foro Real portugués ou os fragmentos dos textos alfonsíes galegos editados por José Luis Pensado (1974-75). Son probas da presenza do dereito alfonsí no Noroeste e dunha certa vontade ou incluso necesidade de adaptación ó romance local.

Pero non queremos acabar esta breve exposición sen mencionar outra relación do dereito romano con Galicia, unha relación que une, ademais, todo o descrito ata aquí e dá mostra de que as múltiples relacións que esbozamos non se perciben só desde a distancia senón que están presentes na propia Idade Media.

Na Biblioteca Nacional de Madrid hai un valioso manuscrito para a historia da recepción do Dereito romano na Península Ibérica: o ms. 710 que contén o *Fuero real* alfonsí nunha versión con numerosas glosas. Estas glosas relacionan o Fuero real con outros textos xurídicos coma as *Partidas* e o *Ordenamento de Alcalá*, o cal as sitúa xa ben entrado o século XIV. Pero tamén establecen lazos entre o Fuero alfonsí e as súas posibles fontes, coma o Fuero Juzgo (o “libro de León”) e tamén *Lo codi*. Hai unha edición desas glosas de principios dos anos 50, na introducción da cal Joaquín Cerdá sospeita que Lo codi puido ser unha das fontes do Fuero real:

Las glosas nos sirven para el estudio de la formación del Fuero Real y de su autor. Así podemos apreciar cómo determinadas leyes tienen su base en el Fuero Juzgo. También se podría llegar a concretar la influencia romana. ¿No se utilizaría en su redacción ‘Lo Codi’? (Cerdá, 1951-52, 730)

Agora ben, ollando ben o manuscrito da BN, vemos que o este parece realmente ter a función de indicador de fontes ou de textos relevantes para as diferentes pasaxes do *Fuero real*. Chama a atención que ademais das glosas incorporadas no texto xeral, hai un segundo tipo de glosas engadidas interlineais ou marxinais cunha función de metatexto orientador da lectura do manuscrito, e esas segundas glosas, das que transcribimos algunhas a continuación, son claramente galegas:

lugar	texto
1 r 2 marxe dereita	[varias glosas deterioradas] este e o foro das leys
2 v 2 marxe dereita	uayte a o testo <i>con</i> sua <i>grosa</i> titulo iii liuro segundo destes iiii liuros
57v 1 marxe dereita	Como <i>ninhuna</i> cousa del Rey ou da <i>iglesia</i> non se <i>perde</i> por tempo amenos de <i>çento</i> anos
59 v 1 marxe esquerda	muyto he boa <i>grosa</i>
69 r 1 marxe esquerda	titollo xiii dos <i>pleitos</i> acabados <i>que</i> non sean <i>mays</i> demandados
73 v 2 marxe esquerda	como se poden alçar <i>asy</i> de <i>grande</i> demanda como de <i>pequena</i>
82 r 2 marxe dereita	ley clara de <i>quanta</i> parte pode auer a moller das arras do marido finado se do marido fican fillos <i>legitimos</i>
113 v marxe inferior	En <i>vostro</i> loco so <i>rreuerençia</i> em tendo esta ley <i>con</i> sua <i>grosa</i> em esta guisa et digo <i>que</i> os bees <i>que</i> o vendedor vende <i>que</i> lle ueeron da parte do padre o do auoo; o <i>parente</i> <i>mays</i> chegado pode <i>rrecobrar</i> <i>et</i> <i>que</i> non ha lugar esta <i>rrecobraçon</i> <i>en</i> no <i>que</i> o uendedor uendeu da <i>lina</i> de <i>traueso</i>
179 v 1 marxe inferior	Et entende <i>que</i> o liuro <i>que</i> a <i>grosa</i> diz dos castelanos <i>que</i> he o liuro de leon et non cates outro por nome de castelanos
83 v rubr.	do <i>que</i> gana el marido e la moler
83 v 1 marxe esquerda	do <i>que</i> gana el marido et lla muger
90 r 2 marxe dereita	<i>non</i> foron os testigos chamados <i>nen</i> rrogados
159r 2 marxe esquerda	da fe catolica <i>con</i> sua <i>grosa</i>
165 r 2 marxe dereita	<i>concorda</i> esta ley <i>con</i> outra <i>semelant</i> de <i>alcala</i>
205v marxe inferior	<i>rrequere</i> setena partida <i>titulo</i> iii <i>et</i> <i>alcala</i> de <i>fenares</i> <i>que</i> he <i>ordinamento</i> <i>rroyal</i> et os outros foros <i>et</i> <i>ordinamentos</i> Este he o <i>titulo</i> xxi et cata <i>rrequere</i> estas leys <i>desuso</i> enas leys et foros et <i>ordinamentos</i> ca foy erro do <i>escriuan</i> <i>que</i> este <i>titulo</i> xxi <i>aqui</i> non <i>poso</i>
206r marxe superior rubr.	Do fillo ou filla porfillado
209r 2	Finito liuro a <i>dios</i> <i>muytas</i> <i>graças</i> . Vaasco Lourenço de Tuy.

Só unha parte desas glosas galegas atópanse transcritas na edición de Cerdá, e aínda que este fale, na introducción a súa edición, de elementos galegos no manuscrito, é sorprendente que na edición non atopemos transcritos sistematicamente e de forma fiel ó orixinal os elementos


claramente galegos. Na seguinte táboa vemos, na columna esquerda, algunhas das lecturas de Cerdá fronte ás nosas propias, claramente diferentes e claramente “máis galegas”:

Cerdá 1951-52, 830/831 (f 44r)	jk
esta glosa de estas cruces que dize nota a de entrar en outra cruz que está adelante de estas tres	† esta glosa destas cruces <i>que</i> dize nota a de entrar en <i>otra</i> cruz <i>que</i> está adelante destas tres
De la primera cruz un diz nota, vente a esta et acaba desta cruz ata un diz rrebeldes e tornate a la primera cruz e asy acabaras a grosa, porque foy error de escribano.	Da <i>primeira</i> cruz hu diz nota uent a esta et acaba desta cruz ata hu diz rrebeldes <i>et</i> tornate aa <i>primeyra</i> cruz hu começa nota et ven ata esta cruz <i>et</i> asy acabaras a grosa, por <i>que</i> foy error de <i>escriba</i> .
et tornate a la primera cruz hu diz nota e acabase hu diz segund o foro daquela terra et acabase una postrimera cruz, et comença logo esta ley qui diz: sy el alcayde por querella de algund	et tornate aa <i>primeira</i> cruz hu diz nota <i>et</i> acabase hu diz <i>segundo</i> o foro daquela terra et acabase una postrimeyra † et começa logo esta ley <i>qui</i> diz: sy el alcayde por <i>querella</i> de alguno
(f 51r)	
dellos heredeiros	dellos herdeyros
(f 209r 1)	
Con esta ley concorda el Ordinamiento Dalcala, en el postrimero caderno, ley LXIX, etcétera	<i>con</i> esta ley concorda o ordinamento dalcala <i>en</i> no postrimeiro caderno ley lxix <i>et çetera</i>

A tendencia clara é a de modificar a transcripción con efecto castelanizante do texto, ou por ignorancia das formas galegas ou porque se pensa que este se debe “normalizar”. O resultado son algunhas pasaxes híbridas entre galego e castelán na transcripción, volvéndose o texto de Cerdá ás veces incomprendible, como cando transcribe *De la primera cruz un diz nota* onde o texto di claramente *Da primeira cruz hu diz nota* e o lector podería malentender o galego *u* (<ubi) e interpretalo como artigo indefinido, o que carecería de sentido nese contexto. As glosas galegas conteñen castelanismos, pero case sempre estes castelanismos son explicables pola presenza inmediata do texto castelán ó lado. Alén diso, parecen ser textos completamente galegos que dan proba da utilización dese valioso manuscrito por galegos e probablemente en Galicia, e dunha personalidade do glosador galego que mediante os seus comentarios comenta as glosas en castelán que dan as fontes do texto, orientando o lector e valorando o contido das glosas primarias, como no comentario que escollimos como título do presente traballo: muyto he boa grosa. Algunhas das glosas marxinais están actualmente bastante deterioradas, pero valería a pena intentar transcribir na medida do posible todas elas. Tamén habería que ver se existe algunha noticia sobre a identidade da persoa que escribiu estas glosas e que asina no final:

Finito liuro a dios muytas graças. Vasco Lourenço de Tuy.

Habería que indagar se dalgún xeito o galego de Vasco Lourenço de Tui é relacionable coas traducións galegas de textos xurídicos alfonsíes ou con outros produtos da escritas culta galega medieval.



Ms BN 710, 44r

6. CONCLUSIÓN

Podemos decir, pois, que o Dereito romano chega a Galicia a través de dúas correntes: unha primeira, inmediata e latina, desde finais do século XII, e unha segunda e romance, a partir da segunda metade do século XIII. Mentres en Castela e Cataluña, o efecto indirecto da primeira é a creación de textos en romance, en Galicia se mantén, na primeira fase, a latinidade. A romanidade elaborada chega de forma indirecta, desde Castela, con traducións de textos casteláns e comentarios galegos a manuscritos escritos en castelán, como as glosas de Vasco Lourenzo de Tui que presentamos neste traballo. Polo que parece no actual estado da cuestión, Galicia parece máis semellante a Italia, coa súa longa tradición latina no ámbito da escrita elaborada, que ó sur de Francia, Castela ou Cataluña.

En todo caso, o que acabamos de esbozar son unicamente uns bosquejos que habería que profundizar moito. Sabemos da relación directa con Boloña por exemplo no caso de persoas como Bernardus Compostellanus e de outros; sabemos tamén que en certos documentos de compraventa ou en outros documentos xurídicos galegos aparecen elementos que indican coñecementos de Dereito romano; coñecemos algúns fragmentos de textos que son traducións de textos alfonsíes baseados nese dereito, pero carecemos dun estudo sistemático das conexións coas dúas correntes boloñesas e das súas consecuencias para a escrita vernácula. Outras situacións estudadas nese sentido como a do sur de Francia ou a de Castela xustifican dedicarse de maneira detallada a esas cuestións. Esperamos ter mostrado que tal empresa valería a pena.

7. BIBLIOGRAFÍA

7.1. TEXTOS

Caetano, Marcello, *História do direito português. Fontes – Direito Público (1140–1495)*, Coimbra, Verbo, ²1985.

Cerdá, Joaquín (1951-52) : “Las glosas de Arias de Balboa al Fuero Real de Castilla”, *AHDE* 21–22, 731–739.

Les plus anciennes chartes en langue provençale. Recueil des pièces originales antérieures au XIIIe siècle, ed. par Clovis Brunel, Paris, Auguste Picard, 1926.

Lo Codi. Eine Summa Codicis in provenzalischer Sprache aus dem XII. Jahrhundert. Die provenzalische Fassung der Handschrift A (Sorbonne 632). Vorarbeiten zu einer kritischen Textausgabe [mit Texttranskription], von Felix Derrer, Zürich, Juris, 1974.

Lo Codi en castellano. Según los manuscritos 6416 y 10816 de la Biblioteca Nacional, ed. y estudio preliminar de Juan Antonio Arias Bonet, Madrid, Universidad Complutense, 1984.

Lo Codi in der lateinischen Übersetzung des Ricardus Pisanus, Hermann Fitting (ed.), Halle, 1906 (Nachdruck Aalen, Scientia, 1968).

Obras del maestro Jacobo de las Leyes, jurisconsulto del siglo XIII, ed. por Rafael de Ureña y Smenjaud y Adolfo Bonilla y San Martín, Madrid, Editorial Reus, 1924.

Summa Codicis des Irnereus, mit einer Einleitung hrsg. von Hermann Fitting, Berlin, 1894 (Nachdruck Frankfurt am Main, Minerva, 1971).

www.kabatek.de/codi

7.2. OUTRAS FONTES

Biber, Douglas (1993): “Using register-diversified corpora for general language studies”, *Computational Linguistics* 19.2: 243-258.

Costa, A. D. Sousa, *Um mestre português em Bolonha no século XIII: João de Deus*, Braga, 1957.

García Gallo, Alfonso (1975): *Manual de historia del derecho español*, 2 vol.: 1.: *El origen y la evolución del derecho*, 2.: *Antología de fuentes del antiguo derecho*, Madrid, Agesa, ⁶1975.

García García, Antonio (1956): *Laurentius hispanus. Datos biográficos y estudio crítico de sus obras*, Roma/Madrid, CSIC [Cuadernos del Instituto Jurídico Español, 6].

García García, Antonio (1966): “La penetración del derecho clásico medieval en España”, *AHDE* 36, 575–592.

García García, Antonio (1976): *Estudios sobre la canonística portuguesa medieval*, Madrid.

Gouron, André (1983) : “Aux origines de l’influence des glossateurs en Espagne”, *Historia, Instituciones, Documentos* 10, 325–346.

- Die lateinischen Handschriften der Universitätsbibliothek Tübingen*, Teil 1, beschrieben von Hedwig Röckelein, Wiesbaden, Harrassowitz, 1991.
- Haskins, Charles Homer (1927) *The Renaissance of the Twelfth Century*, Cambridge (Mass.)/London, Harvard University Press.
- Hattenhauer, Hans (1992): *Europäische Rechtsgeschichte*, Heidelberg, C. F. Müller.
- Iglesia Ferreirós, Aquilino (1987-88): *La creación del Derecho. Una historia del derecho español*, 2 vol., Barcelona, Signo.
- Iglesia Ferreirós, Aquilino (1998): “Rex superiorem non recognoscens. Hugolino de Sesso y el Studium de Palencia”, *Initium* 3, 1–205.
- Jacob, Daniel / Kabatek, Johannes (ed.) (2001): *Lengua medieval y tradiciones discursivas en la Península Ibérica: descripción gramatical - pragmática histórica - metodología*, Frankfurt/Main-Madrid: Vervuert/Iberoamericana (Lingüística Iberoamericana).
- Kabatek, Johannes (2000a): “Lo Codi und die okzitanischen Texttraditionen im 12. und 13. Jahrhundert”, in Angelica Rieger (ed.): *Provenzalistik, Altokzitanistik und Okzitanistik. Geschichte und Auftrag einer europäischen Philologie (Akten der gleichnamigen Sektion des Deutschen Romanistentages in Osnabrück 1999)*, Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 147–163.
- Kabatek, Johannes (2000b): “L’oral et l’écrit – quelques aspects théoriques d’un « nouveau » paradigme dans le canon de la linguistique romane”, in Wolfgang Dahmen, Günter Holtus, Johannes Kramer, Michael Metzeltin, Wolfgang Schweickard, Otto Winkelmann (ed.): *Kanonbildung in der Romanistik und in den Nachbardisziplinen. Romanistisches Kolloquium XIV*, Tübingen: Narr, pp. 305-320.
- Kabatek, Johannes (2001): “¿Cómo investigar las tradiciones discursivas medievales? El ejemplo de los textos jurídicos castellanos”, in Jacob/Kabatek (ed.), pp. 97-132.
- Kabatek, Johannes (2003): „La lingüística románica histórica: tradición e innovación en una disciplina viva“, *La Corónica* 31.2: 35-40.
- Kabatek, Johannes (2004a): “Tradiciones discursivas jurídicas y elaboración lingüística en la España medieval”, *Cahiers de Linguistique Hispanique Médiévale* 27, 249-261.
- Kabatek, Johannes (2004b): “Tradiciones discursivas y cambio lingüístico. Algunas reflexiones teóricas sobre tradiciones de textos jurídicos en la Edad Media en el mediodía francés y en la Península Iberica“, www.kabatek.de/discurso
- Kabatek, Johannes (2005a): *Die Bolognesische Renaissance und der Ausbau romanischer Sprachen – Juristische Texttraditionen und Sprachentwicklung in Südfrankreich und Spanien im 12. und 13. Jahrhundert*, Tübingen: Niemeyer (Beihefte zur Zeitschrift für Romanische Philologie).
- Kabatek, Johannes (2005b): “Las tradiciones discursivas del español medieval: historia de textos e historia de la lengua”, *Iberoromania* 62 (2005), 28-43.
- Mariño, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Martínez, Gonzalo (1991): “Tres lecciones del siglo XII del Estudio General de Palencia”, *AHDE* 61, 391–449.

- Merêa, Manuel Paulo (1916-1917): *A versão portuguesa das «Flores de las leyes» de Jácome Ruiz*, Revista da Universidade de Coimbra V, 444–456 e VI, 343–371.
- Pensado, José Luis (1974-75): “Tres fragmentos jurídicos galaicoportugueses”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29 (87-88-89), 102-129.
- Pérez Martín, Antonio (1984): “El ordenamiento de Alcalá (1348) y las glosas de Vicente Arias de Balboa”, *Ius commune* 11, 55–215.
- Pusch, Claus / Kabatek, Johannes / Raible, Wolfgang (eds.) (2005): *Romanische Corpuslinguistik II: Corpora und historische Sprachwissenschaft*, Tübingen: Narr.
- Roudil, Jean (1985): *Jacobo de Junta el de las Leyes. Œuvres I: Summa de los nueve tiempos de los pleitos. Édition et étude d’une variation sur un thème*, Paris, Klincksieck.
- Roudil, Jean (2000): *La tradition d’écriture des Flores de Derecho. Construction et étude*, Tome I, vol. 1, Paris, Klincksieck.
- Roudil, Jean (2002/2003): *La tradition d’écriture des Flores de Derecho. Construction et étude*, Tome I, vol. 2, Braga, Barbosa & Xavier, 2002, vol. 3, Braga, Barbosa & Xavier, 2003.
- Silva, Nuno J. Espinosa Gomes da (1991): *História do direito português. Fontes do direito*, Lisboa, Fundação Gulbenkian, ²1991.
- Wright, Roger (1982/1989): *Late Latin and Early Romance in Spain and Carolingian France*, Liverpool, Francis Cairns (versión española: *Latín tardío y romance temprano en España y la Francia carolingia*, Madrid, Gredos, 1989).
- Wright, Roger (ed.) (1991): *Latin and the Romance Languages in the Early Middle Ages*, London/New York, Routledge.
- Wright, Roger (2001): *La Sociofilología y el origen de la primera documentación cancelleresca en forma romance en Castilla*, in: Jacob/Kabatek 2001, 63–77.
- Wunderli, Peter (1965): “Die ältesten romanischen Texte unter dem Gesichtswinkel von Protokoll und Vorlesen”, *Vox Romanica* 24, 44–63.

<http://www.kabatek.de/bologna>

<http://www.kabatek.de/codi>

<http://www.kabatek.de/discurso>